

...EMPEZANDO POLO PRINCIPIO

→ Máis información:

As principais modalidades de actuación arqueolóxica poden definirse en 4 grupos, coas seguintes características:

- **Prospección:** enténdese como a revisión, a nivel de superficie, dunha determinada zona. Soe estar encamiñada a traballos de Avaliación de Impacto ou Análise de Afeccións. Debe realizarse de maneira previa ó inicio dos traballos previstos para esa zona, e polo xeral durante a fase de elaboración do Proxecto da obra. O traballo de campo (prospección propiamente dita) debe ser efectuado por técnicos arqueólogos, previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC). Aínda que depende da superficie a investigar, este tipo de actuacións soen requirir o traballo de 2 técnicos en conxunto. Para poñelo en práctica, neste caso os arqueólogos traballan de maneira independente, sen precisar polo xeral da colaboración de outras empresas.
- **Control de obra:** consiste na presenza de un técnico arqueólogo durante o tempo que duren os traballos de remocións de terras na obra proxectada (gabias, cimentacións, rozas, explanacións, etc.). Debido a este factor, o traballo dos arqueólogos non poderá iniciarse ata que o promotor conte cos permisos pertinentes e estea en dispoñibilidade de empezar coas obras. Require autorización específica por parte da DXPC, polo que antes de poder presentarse na obra haberá de ter presentado o Proxecto arqueolóxico e contar coa súa aprobación. A duración das tarefas arqueolóxicas depende directamente do tempo que tarde a maquinaria en executar os traballos de remoción (desde DOA tentamos sempre asesorar ó promotor neste aspecto, para buscar a forma de realizar eses traballos no menor tempo posible).
- **Sondaxes ou Catas valorativas:** trátase de abrir unha ou varias calicatas dentro da superficie que ocuparán as obras previstas polo promotor. A apertura destas cuadrículas pode realizarse de maneira manual ou mecánica (este aspecto soe vir determinado no escrito que a DXPC lle ten enviado ó promotor). As sondaxes valorativas soen ser requiridas como método de valoración do subsolo *antes* do inicio das obras previstas nesa superficie e precisan de autorización expresa previa por parte da DXPC (mediante presentación de proxecto arqueolóxico). O número de cuadrículas a abrir depende directamente dos metros cadrados que ocupe a superficie de obras previstas; en DOA manexamos unha ratio (aceptada pola administración) de entre 6% a 15%, en función do tipo de obras a realizar na zona e das características da mesma. A profundidade das cuadrículas dependerá do que determine a DXPC, aínda que normalmente ven fixada pola cota de obra prevista no proxecto arquitectónico, á que se lle engaden de 5 a 10 cm adicionais por razóns de previsión e seguridade (todo elo, sempre e cando non se chegue antes ó nivel de xabre ou rocha, momento no que se daría por rematada a escavación da cata). Os resultados que se obteñan con estas sondaxes poden condicionar a execución das obras previstas na zona, condicións que serán especificadas pola DXPC. Segundo a experiencia de DOA, é moi común que aínda que os resultados das sondaxes sexan negativos (ausencia de vestixios), dende a DXPC se requira unha *actuación posterior de control de obra* sobre o total das remocións a practicar no solar, polo que o promotor deberá ter en conta esta circunstancia á hora de prever gastos e prazos.
- **Escavación en área:** configúrase como a modalidade de traballo arqueolóxico de maior espectro, sendo normalmente a que supón a inversión temporal e económica máis ampla. Significa a intervención integral, en base a técnicas de rexistro e documentación propias e específicas, do conxunto dunha superficie, que deberá ser determinada e autorizada pola administración (DXPC). Implica a intervención de varios técnicos e distintos operarios, sempre en función da superficie a abarcar e as súas características. Este tipo de actuación soe esixirse en casos moi específicos, nos que se teña documentada a existencia de vestixios arqueolóxicos e estes poidan verse destruídos por causa das obras proxectadas nesa superficie.

Porén, hai moitas outras modalidades de traballo que levamos a cabo, e non todas precisan de autorización previa por parte da DXPC. Os informes técnicos vinculados a traballos forestais ou posibilidades de afección arqueolóxica dunha parcela son algunhas desas tarefas. Dende DOA tentamos sempre ofrecer o mellor asesoramento e optar pola solución máis axeitada a cada circunstancia.